

EU SON FUNDACIÓN

Boletín informativo da Fundación Breogán

Nº14 1º trimestre 2026

BOAS PRÁCTICAS

Educación en saúde a través do deporte

SEGUIMOS SUMANDO

Superamos os 100 soci@s benefactores

COLABORACIÓN

Pilates en AECC Lugo

NOVOS PROXECTOS

Pegadas da Memoria
Cancha Solidaria
Chan Común

RENOVACIÓN PADROADO

Nova etapa, mesmo compromiso



FUNDACIÓN
Breogán

Ta somos máis de



SOCI@S BENEFACTORES/AS

Grazas

EXPERIENCIA BREO

ILUSIÓN, APOIO E NOVAS OPORTUNIDADES

Da man da nosa Empresa Benefactora, **Transportes Valín**, achegámonos ao labor do **Centro de Menores Ollos Grandes**, dedicándolles a semana do 29 de decembro de 2025 ao 3 de xaneiro de 2026.

A Fundación Breogán desenvolveu unha nova Experiencia Breogán xunto a esta entidade de referencia na atención a nenos, nenas e mozos en situación de vulnerabilidade social, cunha traxectoria que se remonta ao ano 1951.

No marco desta iniciativa, visitamos as súas instalacións para coñecer de primeira man o traballo que realizan diariamente, centrado na protección, a educación, a inclusión e o acompañamento integral, co obxectivo de favorecer o benestar e o desenvolvemento persoal das persoas usuarias.

A visita estivo encabezada polo director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**, acompañado por unha representación do **CB Breogán**, formada por **Erik Quintela**, **Mauro Nogueira** e **Quique Fraga**, reforzando así o vínculo entre deporte, empresa e compromiso social.

Como peche da experiencia, un grupo de rapaces e rapazas do centro asistiu a un encontro do CB Breogán no Pazo dos Deportes, vivindo unha xornada chea de emoción e ilusión que culminou coa vitoria fronte ao Unicaja. Durante o descanso do partido, recibiron un recoñecemento público polo labor do **Centro de Menores Ollos Grandes**, da man de **Elena Valín**, en representación de Transportes Valín.

Esta Experiencia Breogán foi posible grazas á colaboración de Transportes Valín, a quen agradecemos o seu apoio para seguir impulsando iniciativas que xeran un impacto social positivo e duradeiro.




DOAZÓN BENÉFICA

UN COMPROMISO COMPARTIDO QUE XERA IMPACTO

Unha vez rematadas as **Experiencias Breogán 2025**, chega un dos momentos máis significativos do ano para a Fundación Breogán: a elección da entidade que recibe a nosa doazón benéfica anual.

Ao longo do ano, as nosas empresas benefactoras seleccionaron cinco entidades coas que compartimos cinco experiencias moi especiais, marcadas polo compromiso social e polos valores que nos unen. Un proceso que nos permite coñecer de preto realidades diversas e dar visibilidade a organizacións que desenvolven un labor imprescindible.


Nesta fase final, foron as nosas socias e socios benefactores quen, a través do seu voto, decidiron a entidade destinataria da doazón, reforzando así o carácter participativo e colectivo deste proxecto.



No descanso do encontro entre o CB Breogán e o Real Madrid, fixemos entrega da doazón anual ao Centro de Menores Ollos Grandes, nun acto de recoñecemento ao seu labor social.

As entidades candidatas nesta edición de 2025 foron:

- **Fundación Secretariado Gitano** – (Pazo de Vilane)
- **Fundación Juansoñador** – (Ibersys)
- **Aula Hospitalaria do HULA** – (Clínica García Rielo)
- **Centro San Vicente de Paúl** – (Grupo Ditrám)
- **Centro de Menores Ollos Grandes** – (Transportes Valín)



5

Grazas ás votacións das nosas socias e socios benefactores, a entidade escollida foi o **Centro de Menores Ollos Grandes**, que acadou o **39,2 %** dos votos totais.

A entrega da doazón tivo lugar no descanso do encontro entre o CB Breogán e o Real Madrid, no Pazo dos Deportes de Lugo, nun escenario inmellorable para recoñecer publicamente o labor da entidade.

O talón simbólico foi entregado por **Carmen Lence**, presidenta do CB Breogán e membro do Padroado da Fundación, e por **Luis Abel Taboada**, director da Fundación Breogán, e recollido por **Noé Graña** en representación do centro.

Desde a Fundación Breogán queremos expresar o noso máis sincero agradecemento a todas as persoas socias e empresas benefactoras pola súa implicación e compromiso. Grazas a vós, o Proxecto Experiencia Breogán continúa medrando ano tras ano, apoiando iniciativas que contribúen a construír unha sociedade máis xusta, solidaria e comprometida.

O Proxecto Experiencia Breogán é moito máis ca unha iniciativa: é unha forma de construír futuro en común

O Pazo dos Deportes acolleu novas xornadas do programa Pazo Aberto, no marco de Memoria Celeste, reunindo a escolares con protagonistas da historia do CB Breogán.

O alumnado do CEIP Plurilingüe Monte Baliño, de Pantón, compartiu experiencia con **Alfredo Aguado** e **Ángel Sevilla Valcarce**, xogadores dos inicios do club nos anos 70, que achegaron a súa visión dunha etapa clave marcada polo esforzo e a ilusión.

Noutra sesión, os nenos e nenas do Colexio Cervantes estiveron acompañados por **David Salgado**, ex xogador e cofundador da peña Boinas e Zocas, e por **Manolo Miranda**, preparador físico do Breogán na ACB, coñecendo tamén o valor do traballo detrás do equipo.

Ambas xornadas permitiron achegar a historia, os valores e o sentimento de pertenza do breoganismo ás novas xeracións.



A ECC LUGO

DEPORTE E BENESTAR AO SERVIZO DAS PERSOAS

Iniciamos unha nova colaboración coa Asociación Contra o Cancro Lugo co obxectivo de contribuír á mellora da saúde e o benestar das súas persoas usuarias.

No marco desta iniciativa, desenvolveranse distintas accións como sesións semanais de pilates impartidas por **Patricia Pontón**, charlas de interese e visitas ao Pazo dos Deportes para asistir aos encontros do CB Breogán.

Un proxecto que une deporte e solidariedade na loita contra o cancro, poñendo o foco no coidado do corpo e da mente.



asociación española
contra o cancro
en Lugo

PONTÓN
FISIOTERAPIA

BOAS PRÁCTICAS

EDUCACIÓN EN SAÚDE A TRAVÉS DO DEPORTE



A Fundación Breogán impulsa o proxecto **Boas Prácticas**: Xestión emocional e saúde global en Educación Física, unha iniciativa dirixida ao alumnado de Educación Primaria que utiliza o deporte como ferramenta para promover o benestar físico, mental e social.

Ao longo dos meses de xaneiro a marzo, o programa desenvólvese en centros educativos de Lugo a través de sesións presenciais e charlas impartidas por profesionais especializados, abordando cuestións como os hábitos de vida saudables, a xestión emocional, a saúde mental, a igualdade e a prevención de condutas insanas.

As primeiras sesións tiveron lugar nos **CEIP Luis Pimentel** e **CEIP Das Mercedes**, onde o alumnado puido aprender de maneira dinámica e participativa da man de diferentes expertos e expertas.

A nutricionista **Laura Sas** abriu o programa achegando claves sobre alimentación saudable, mentres que o campión do mundo de paracanoes **Nicolás Martínez Adegá** compartiu a súa experiencia coa inspiradora mensaxe "O deporte cambia vidas".

Pola súa banda, a **Dra. María Núñez** incidiu na importancia da saúde bucodental, e **Leticia Fernández Villamarín** destacou o valor do movemento como base dunha vida saudable.

Este proxecto conta tamén coa participación de **Adrián Callejo** e **Luis Abel Taboada**, reforzando unha visión integral da saúde desde o ámbito físico, emocional e educativo.



MARÍA NÚÑEZ

Presidenta do Colexio de Odontólogos de Lugo

"Coido os meus dentes, coido a miña saúde"



LUIS ABEL TABOADA

Director da Fundación Breogán

"Deporte san, mente sa"



LAURA SAS

Máster en Alimentación na Actividade Física e o Deporte

"Qué comen @s champions/oas?"



LETICIA F. VILLAMARÍN

Titulada en Educación Física e INEF

"Moverse é aprender a coidarse"



ADRIÁN CALLEJO

Fisioterapeuta do CB Breogán

"Manexo das lesións e como previlas"



NICOLÁS M. ADEGA

Campión do mundo de paracanoes

"O deporte cambia vidas"

Apostando por educar en valores, promover hábitos saudables e contribuir á formación de persoas máis conscientes, empáticas e responsables



9



CANCHA SOLIDARIA

O PROXECTO ÍCARO ENTRE OS MELLORES DE ESPAÑA

O Proxecto Ícaro da Fundación Breogán foi recoñecido como un dos 5 gañadores de **Cancha Solidaria Endesa**, acadando a 5ª posición final.

Un logro colectivo que pertence a todas as persoas que votastes, compartistes e acompañastes este camiño desde o primeiro momento. Este recoñecemento non só pon en valor o traballo realizado, senón que reforza a nosa convicción de que o baloncesto é unha ferramenta real de cambio social.

Este éxito é un orgullo para **Lugo** e para toda a familia da Fundación Breogán, e supón un impulso para seguir desenvolvendo proxectos que contribúan a construír unha sociedade máis inclusiva, solidaria e comprometida.





Proyecto Ícaro

La Fundación Breogán, entidad encargada de desarrollar la labor social del CB Breogán, impulsa a través del Proyecto Ícaro un programa dirigido a jóvenes en situación de vulnerabilidad social. +

Total votos 2228

Cancha Solidaria Endesa é unha iniciativa que reconece e impulsa proxectos sociais vinculados ao baloncesto en todo o territorio estatal, poñendo en valor o impacto do deporte como ferramenta de transformación.

Entre máis de 200 candidaturas presentadas en toda España, o Proxecto Ícaro da Fundación Breogán conseguiu situarse entre os 5 proxectos gañadores, destacando polo seu valor social, educativo e comunitario, así como polo seu compromiso coa inclusión e o desenvolvemento das persoas a través do deporte.

Un recoñecemento que reflicte non só a calidade do proxecto, senón tamén o apoio e a implicación de todas as persoas que formades parte desta iniciativa colectiva.

— Fonte: Cancha Solidaria Endesa.

Un premio que nace do compromiso e medra coa forza de toda unha comunidade 11

Os rapaces e rapazas de Ícaro e os seus adestradores nun relaxado momento de ocio logo dun adestramento



PADROADO

NOVA ETAPA, MESMO COMPROMISO

A Fundación Breogán celebrou unha nova reunión do seu Padroado, na que se realizou balance dun ano 2025 especialmente intenso, no que se desenvolveron máis de 20 proxectos con impacto social, educativo e deportivo.

Unha xuntanza que tamén serviu para definir as liñas estratéxicas de cara a 2026, co obxectivo de seguir medrando e xerando valor para a sociedade.


No marco desta reunión procedeuse á renovación dos cargos do Padroado, sendo nomeada como nova presidenta da Fundación Breogán **Nuria Varela-Portas de Orduña**, que inicia esta etapa con ilusión e responsabilidade, dando continuidade a un legado profundamente vinculado á historia do breoganismo.

Desde a Fundación queremos expresar o noso máis sincero agradecemento a **Narciso Fernández**, pola súa dedicación e compromiso durante os últimos catro anos como presidente. A súa etapa foi clave na consolidación de proxectos e no fortalecemento do papel social da entidade, á que continuará vinculado como patrono.

Esta nova etapa reforza unha idea fundamental: a continuidade dun proxecto baseado no compromiso co deporte, coa educación e coa sociedade, no que o legado, a responsabilidade e a vocación de servizo seguen marcando o camiño.

12

Nuria Varela - Portas de Orduña é a nova Presidenta da Fundación Breogán



Salva Arco, Carmen Lence, Narciso Fernández, Nuria Varela, Julio González e Alfonso Orol, o Padroado da Fundación Breogán 2026

"Chego á Fundación Breogán para axudar en todo o que poda"

PEGADAS DA MEMORIA

TERAPIA COGNITIVA: EMOCIÓN, MEMORIA E BENESTAR

A Fundación Breogán iniciou as primeiras sesións do proxecto **Pegadas da Memoria** – Terapia cognitiva con animais, unha iniciativa innovadora que utiliza a interacción con cans como ferramenta de estimulación cognitiva, emocional e social.

As primeiras intervencións desenvolveronse nas residencias **A Milagrosa** e **As Gándaras**, onde as persoas maiores participantes compartiron momentos de vínculo e alegría xunto á educadora canina **Virginia Torrecillas** e a súa inseparable compañeira **Pequeñita**. A conexión inmediata entre usuarios e can confirmou o valor desta terapia para estimular a memoria, favorecer a comunicación e mellorar o benestar emocional.

Tras o éxito nas residencias, o proxecto levou esta experiencia a **COGAMI**, reforzando o seu compromiso coa inclusión, a participación social e o envellecemento activo. Nesta sesión contou coa presenza de representantes de **Albia Funeraria Fernández** — patrocinadora da iniciativa —, que puideron comprobar en primeira persoa os momentos de alegría e emoción que xerou **Pequeñita**.

Pegadas da Memoria é un proxecto que continúa crescendo, levando estímulo, compañía e benestar a todas as persoas participantes, demostrando que a terapia asistida con animais é moito máis que unha actividade: é unha experiencia que conecta, emociona e transforma.



Albia

FUNERARIA FERNÁNDEZ

CHAN COMÚN

ONDE TOD@S TEMOS DEREITO A PARTICIPAR

Nace en Lugo o primeiro proxecto **Mixed Ability** de baloncesto en **Galicia**, unha iniciativa da Fundación Breogán que aposta por un deporte real, sen etiquetas e sen barreiras. Un mesmo equipo onde persoas con e sen discapacidade xogan, aprenden e medran xuntas, construíndo espazos deportivos de convivencia, igualdade e inclusión.

Impulsado pola Fundación Breogán, co patrocinio de **Pazo de Vilane** e coa **Fundación Dignidade** como partner deportivo, CHAN COMUN leva ao deporte un principio sinxelo e poderoso: xogar, compartir e sentirse parte.

CHAN COMÚN representa o mellor do deporte: esforzo compartido, aprendizaxe, comunidade e humanidade. É o proxecto que levabamos tempo soñando. Hoxe é realidade, e estamos convencidos de que, xunt@s, abriremos un camiño que outros seguirán.

Grazas a todas as persoas que facedes posible este proxecto e que xa formades parte deste chan común.



- 🌐 Proxecto pioneiro en Galicia: primeiro equipo Mixed Ability de baloncesto.
- 👥 Equipos masculino e feminino con participación de persoas con e sen discapacidade.
- 🏀 Adestramentos semanais e encontros amigables con clubs galegos.
- 👨‍🏫 Adestrador: Pirulo Fernández, lenda breoganista, unha institución.
- 🤝 Patrocinio: Pazo de Vilane | Partner deportivo: Fundación Dignidade.
- ☀️ Valores principais: inclusión, igualdade, convivencia, educación e deporte sen barreiras.
- 💙 Padriño do proxecto: Nicolás Martínez Adegá, campión do mundo de piragüismo KL3 sénior.
- 📺 Formación e cambio social: a través da rede internacional IMAS.

Na presentación oficial dos equipos masculino e feminino entregáronse as equipacións oficiais. Os equipos contan con recoñecidas caras do baloncesto lucense, como **Salva Arco**, director xeral do **CB Breogán**. No acto participaron tamén **Nuria Varela-Portas**, **Fernando Pérez-Lozano** e **Victorino Escamilla Paz**.



Durante tres días intensos, rapaces e rapazas de 8 a 16 anos viviron unha experiencia única nas **V Xornadas de Tecnificación da Fundación Breogán**. As sesións de adestramento estiveron guiadas polos nosos técnicos, acompañados de xogadores do **CB Breogán** como **Mihajlo Andric** e **Francis Alonso**, e visitas de expertos como **Fernán Varela**, **Víctor Pérez** e **José Durán**, que compartiron consellos, técnicas e motivación.

Como cada ano, as sesións completáronse con actividades formativas da man de persoas e entidades relevantes do mundo do deporte. Destacaron a visita de **Cristian Martín**, colexiado do **Colexio Galego de Árbitros**, que explicou a importancia da figura arbitral, e de **José Manuel Teijido**, que achegou aos rapaces ao baloncesto en cadeira de rodas, promovendo inclusión, superación e esforzo.

O último día celebrouse a competición final, con emoción, diversión e entrega de medallas e recordos para todos os participantes, pechando tres xornadas intensas de talento, esforzo e ilusión.

Unha experiencia que deixa claro que o **#ADNBreoganista** segue medrando entre as novas xeracións.



Os participantes das V Xornadas de Tecnificación gozaron dunha experiencia única coas visitas de Mihajlo Andric, Francis Alonso, Danko Brankovic, Aleksandar Aranitovic, Fernán Varela, Víctor Pérez, José Durán, Cristian Martín e José Manuel Teijido, compartindo técnica, valores e diversión.



SPECIAL OLYMPICS

BALONCESTO SEN BARREIRAS

Durante este trimestre, a Fundación Breogán realizou dous momentos moi especiais co deporte como ferramenta de inclusión. Entregouse a equipación ao equipo de baloncesto Special Olympics de ASPNAIS Lugo, con presenza de **Salva Arco**, Director Xeral do CB Breogán; **Ana Traseira**, Directora da **UNED Lugo**; **Luis Casimiro**, adestrador do CB Breogán; **Tito Díaz**, Director Deportivo do CB Breogán; e **Jacobo Real**, responsable de deportes de ASPNAIS.

Tamén se visitou o **Centro San Vicente de Paúl**, onde se repartiron camisetas e apertas ao equipo Special Olympics. *Máximus* percorreu cada recuncho do centro levando diversión, e Ana Traseira colaborou na entrega das camisetas.

Ambas accións destacaron o compromiso da Fundación coa inclusión, o compañeirismo e a superación, mostrando a ilusión e motivación que o deporte xera en todos os participantes.



PAZO ABERTO

ABRINDO AS PORTAS ÁS NOVAS XERACIÓNS

Durante este trimestre, o Pazo dos Deportes volveu converterse nun espazo de encontro e aprendizaxe co programa Pazo Aberto, recibindo a visita de diferentes centros educativos.

O alumnado do **CEIP Plurilingüe Monte Baliño**, de Pantón, e do **Colexio Cervantes** puido descubrir desde dentro a casa do breoganismo, percorrendo espazos emblemáticos como a sala de trofeos, o corredor da fama ou a sala de prensa, coñecendo de preto a historia e os valores do club.

As visitas contaron coa presenza de figuras moi especiais como **Alfredo Aguado**, **Angel Sevilla Valcarce**, **David Salgado** e **Manolo Miranda**, Lendas Celestes que compartiron recordos, experiencias e a súa paixón polo Breogán.

Como peche, os rapaces e rapazas tiveron a oportunidade de presenciar parte dun adestramento do CB Breogán e compartir momentos co equipo, convertendo a xornada nunha experiencia inesquecible.

Proyecto
de
Bana



FUNDACIÓN
Breogán



Danko Brankovic asinando autógrafos aos pequenos breoganistas logo de presenciar un adestramento do CB Breogán



CEIPP Monte Baliño - Pantón



Colexio Cervantes

EXPERIENCIA BREO

CULTURA, CONVIVENCIA E EMOCIÓN NO INICIO DUN NOVO CAMIÑO

Nova edición do proxecto Experiencia Breogán, un dos programas sociais máis especiais da entidade, no que ao longo do ano diferentes organizacións vivirán momentos únicos de convivencia, aprendizaxe e visibilidade.

Nesta primeira experiencia, da man da nosa empresa benefactora **Grupo Ditram**, a protagonista foi **Achádego Teatro**, un colectivo cunha ampla traxectoria que, desde 1988, leva espallando cultura e paixón polo teatro en Lugo.

Ao longo da semana, desenvolvéronse diferentes actividades que permitiron compartir espazos e experiencias. Visitamos o local de Achádego Teatro, onde, xunto aos xogadores do **CB Breogán Dragan Apic** e **Dewayne Russell**, puidemos coñecer de preto o traballo que hai detrás de cada montaxe: vestuario, atrezzo e historias que dan vida ao escenario.

Como peche, o grupo asistiu a un encontro do CB Breogán no Pazo dos Deportes, gozando dunha xornada moi especial que culminou cun recoñecemento público ao seu labor en prol da cultura, recibido no centro da pista.

Un inicio de ano que reflicte á perfección o espírito de Experiencia Breogán: **compartir, visibilizar e poñer en valor** o traballo de entidades que contribúen a construír unha sociedade máis rica, diversa e comprometida.



EU SON FUNDACIÓN

BOLETÍN INFORMATIVO DA FUNDACIÓN BREOGÁN

Se desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, tanto como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unirse a nós en www.fundacionbreogan.org.

Cremos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuíndo así a unha sociedade máis xusta, integradora e onde os máis novos sexan educados na base. Formamos valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade, etc. Forma parte do cambio e da con nós *O seguinte paso no sentimento breoganista*.



Concello de Lugo
ALCALDÍA



XUNTA
DE GALICIA

galicia



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA

Río
DE GALICIA



DITRAM
GRUPO ANGAL
AUTOMOCIÓN



Albia
FUNERARIA FERNÁNDEZ



García Rielo
CLÍNICA DENTAL



PAZO DE VILANE
GALICIA



CANDELAS



FORESTAL
PENINSULAR S.L.

nor
Cont@ct

UNICÓPIA



CONGELADOS
SARRIÁNOS S.L.

KIDS&US
my English-Lugo

Serge

agro
mera

SERIEO
GRAFÍA

vazmar

CAIXA RURAL
GALEGA



Grupo Dill
INTERCIÓN LABORAL

fincasLugo
A Na Imobiliária de Lugo e surroundings

Bardasco